



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela**
Santiago de Compostela

XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA
DE SAÚDE DE SANTIAGO
REXISTRO DE ENTRADA
N.º 576 Data 16/02/11

**SOLICITUDES DE COMISIONS DE SERVIZO PARA O COMPLEXO
UNIVERSITARIO DE SANTIAGO**

1.- Solicitude do interesado, dirixida á Xerencia deste centro, na que deben constar:

- ✓ Datos persoais do solicitante: Nome e apelidos, DNI, domicilio y teléfono de contacto.
- ✓ Datos profesionais: Categoría , vínculo e centro no que presta os seus servizos.
- ✓ Causa pola que se solicita a comisión de servizos (Persoa maior ao seu cargo, enfermidade do marido ou fillos, fillos menores.....)

A solicitude deberá ir acompañada da documentación acreditativa (libro de familia, certificado de convivencia , empadramento, certificado médico, segundo se especifica mais abaixo)

2.- Neste senso a normativa aplicable segundo o artigo 39 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco de persoal estatutario dos servizos de saúde regula as comisións de servizo nos seguintes termos:

"Por necesidades do servizo, e cando unha praza ou posto de traballo se encontre vacante ou temporalmente desatendido, poderá ser cuberto en comisión de servizos, con carácter temporal, por persoal estatutario da correspondente categoría e especialidade.



Neste suposto, o interesado percibirá as retribucións correspondentes á praza ou posto de efectivamente desenvolvido, salvo que sexan inferiores ás que correspondan pola praza de orixe, en cuio caso, percibirán as de estas”.

Tendo en conta esta previsión normativa, a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde ven a priorizar en función do establecido no Decreto 206/2005, do 28 de xullo de 2005, de Provisión de prazas de persoal estatutario do SERGAS, a orde respecto das concesión das solicitudes presentadas no centro, que serían :

1º Mobilidade por razón de **violencia de xénero** (art 36º): limitado ás traballadoras que así o soliciten previa acreditación de tal situación de acordo coa normativa de protección integral contra a violencia de xénero.

Para a acreditación da dita situación deberá presentarse algún dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
- Sentencia de calquera orde xurisdiccional que declare a dita situación.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe dos servizos de acollida.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela**

2º Mobilidade por razón de saúde do cónxuxe ou fillo ou persoa maior ao seu cargo (art 35º):

Para a acreditación de dita situación deberá presentarse os seguintes documentos.

- Informe/s médico/s actualizado/s emitidos por facultativos da Rede pública sanitaria, que acrediten a/s enfermidade/s alegada/s.
- Acreditación do vencello coa persoa solicitante mediante un certificado de empadramento e convivencia do solicitante no que conste a antigüidade no mesmo.

3º Mobilidade en función dos criterios establecidos pola Lei 39/1999, de 9 de novembro de **Conciliación da vida familiar e laboral** das persoas traballadoras, no referente a existencia de fillos menores de 12 anos.

Para a acreditación de dita situación deberá presentarse os seguintes documentos :

- Fotocopia compulsada do Libro de Familia ou certificación literal de nacemento do rexistro civil de cada un dos fillos menores de 12 anos ou de 18 no caso de estaren afectados de minusvalidez (Documentación específica, de se-lo caso: Grao de dependencia ou certificado de minusvalía, en vigor, do menor afectado de discapacidade.



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela**

- Nos casos de adopción ou tutela, copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial da constitución da tutela e nos casos de acollemento familiar copia da resolución administrativa ou resolución xudicial de se-lo caso.

4º En caso de empate, a distancia dende o centro de destino do solicitante ao domicilio familiar.

5º **Antigüidade** no servizo do centro.

cig-saúde
compostela